

BLOQUE 12: ESPAÑA NO ESCENARIO XEOPOLITICO:

.- España na UE

.- España no mundo

A) España na UE

España integrouse na Comunidade Económica Europea(CEE) en 1986, case trinta anos despois da súa constitución. A razón deste retraso foi esencialmente política: o carácter antidemocrático do réxime franquista. Ademais a estrutura económica-social presentaba un notable atraso.

Na integración pesaron moito factores políticos e económicos:

- **Políticos:** a democratización trala morte de Franco en 1975, permitiulle a España iniciar conversas para ingresar na CEE. Pero por parte europea, tamén había interese porque para construír unha Europa unida necesitábanse novos membros, e ademais a entrada de España era unha forma de afianzar a nacente democracia
- **Económicos:** a incorporación ofrecía a posibilidade de paliar os efectos da grave crise de 1975 e tamén , de achegarse ao nivel económico europeo.

Así en 1977 España iniciou un programa de reformas económicas (Pactos da Moncloa) que permitía presentar a súa integración con posibilidades de éxito. E pola súa banda, a Comunidade necesitaba novos membros que achegaran diversificación produtiva e mercado de consumo, de cara a competir con EEUU e Xapón.

As negociacións foron difíciles pois España ofrecía produtos agrícolas e pesqueiros que competían cos doutros países membros. Finalmente, **asinouse o Tratado de Adhesión que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 1986.**

España participou na **Cumbre de Maastricht** a favor dunha completa integración económica , e asinou o **Tratado da UE en 1992**, e tamén ratificou a aprobación da **Acta Única Europea** nas Cortes co obxectivo de crear un mercado único europeo para 1993. E entrou na **Europa do Euro no 2002.**

A integración tivo importantes consecuencias:

- **Políticas:** reforzou o sistema democrático español e o Estado de dereito.
- **Económicas:** tanto positivas como negativas, pois puxo fin a décadas de illamento, e permitiulle a España acceder a un amplo mercado único, e tamén porque España foi o país máis beneficiado polos fondos europeos e participou en numerosos proxectos que favoreceron o desenvolvemento económico; pero por outra banda, obrigou a realizar un enorme esforzo de modernización técnica, aumento da calidade, da produtividade , da competitividade e do coidado ambiental para adaptarse á economía e ás políticas comunitarias. O resultado foi un importante proceso de crecemento económico e de converxencia coa media comunitaria ata situarse por primeira vez por enriba desta en 2008
- **Sociais:** un notable aumento das prestacións sociais e a universalización dos servizos básicos como a sanidade, educación, poñéndose fin a unha carencia histórica

A posición actual de España na UE caracterízase por:

- **A súa posición xeográfica** no extremo sudoeste do continente, que é claramente periférica, o que se acentuou co ingreso de novos membros
- **A súa situación xeoestratéxica**, nunha encrucillada de mares e continentes, que favorece o seu papel de mediador entre a UE e os ámbitos atlántico e mediterráneo
- **A súa superficie e a súa poboación**, sitúan a España como o segundo Estado en extensión, tras Francia, e o quinto máis poboado, despois de Alemaña(80 mill), Francia (65 mill), Gran Bretaña(64 mill) e Italia(60 mill), aínda que a densidade de poboación está por debaixo da media europea.
- **Os seus trazos socioeconómicos**, colocan a España nunha posición intermedia entre os países máis avanzados e os Estados que ingresaron nas dúas últimas ampliacións. Non obstante, atópase por debaixo da media comunitaria en produtividade e en competitividade dado o seu atraso en I+D, na implantación das TIC e en innovación, o alto nivel de economía sumerxida un nivel de formación máis baixo. Por PIB, España, sen contar ao Reino Unido, ocuparía a 4º posición, non así por PIB per cápita, que a relegaría a 13º posto

As perspectivas de futuro na Ue son globalmente positivas, aínda que é preciso dar unha resposta axeitada aos **próximos retos**:

- **A nova repartición do poder** tras a reforma das institucións europeas reducirá os seus deputados no Parlamento Europeo e os seus votos no Consello da UE
- **As axudas procedentes da política rexional** diminuíron debido a entrada de novos socios con un nivel de desenvolvemento máis baixo
- **A ampliación do mercado único coa entrada de novos membros** formula retos e oportunidades respecto ao movemento de persoas(España está entre os países que restrinxiron temporalmente a entrada de traballadores procedentes dos países das últimas ampliacións) e respecto ao movemento de mercadorías, capitais e servizos(por unha parte, os novos membros ofrecen prezos máis baixos favorecendo a deslocalización industrial e atraen investimentos estranxeiros, e por outra banda, amplíase o mercado para as exportacións españolas e para o investimento e os negocios nestes países)
- **O incremento da produtividade e da competitividade** é imprescindible para aproveitar as novas oportunidades que brinda unha UE ampliada, e para iso, requírese aumentar o contido tecnolóxico, a calidade, o deseño e a diferenciación dos produtos, así como participar en redes comerciais exteriores, mellorar as infraestruturas de transporte e comunicacións, aumentar a formación da man de obra e manter a estabilidade económica.

B) España no mundo

Na actualidade **España é unha potencia intermedia no contexto mundial**. Ocupa o posto 50 pola súa superficie; mellorou o seu desenvolvemento humano ata acadar o lugar 26º no mundo, e gañara peso socioeconómico e político ata situarse na 9ª posición mundial(2008), pero trala crise económica, foi perdendo peso ata situarse na actualidade na 14ª posición. Polas súas características socioeconómicas, sitúase no grupo de países desenvolvidos, cun

elevado nivel de benestar social e de riqueza económica. Non obstante, en comparación cos países máis avanzados desta área, constitúe inda unha potencia intermedia.

A posición de España no mundo caracterízase por:

- Un considerable volumen demográfico: 47,42 millóns de habitantes no 2021 , colocan a España no 30º lugar no mundo
- Importantes contactos con numerosos países grazas ao turismo e á inmigración
- Unha notable difusión da súa cultura ao exterior, especialmente en Iberoamérica; o español é o idioma oficial de máis de 400 millóns de persoas; o crecente protagonismo de personalidades españolas no campo científico e cultural , e a divulgación da cultura española por certos organismos, como o Instituto Cervantes.

O peso económico de España no contexto mundial ponse de manifesto no valor do seu PIB(ata o inicio da crise ocupaba a 9ª posición) que na actualidade, segundo o FMI(Fondo Monetario Internacional) ocupa o posto 14 a nivel mundial, polo que está entre as 20 economías máis ricas (o G-20) e na crecente integración da súa economía no ámbito mundial que se aprecia na presenza de empresas multinacionais, no incremento do comercio exterior, no crecemento das relacións financeiras co exterior e no alto grao de liberalización da súa economía.

A posición política está relacionada con:

- a calidade das súas institucións políticas que se incrementou desde o restablecemento da democracia
- os acordos internacionais nos que participa España son diversos e están relacionados coa defensa dos dereitos humanos, dos traballadores e do medio ambiente(Convenio de Xenebra, Protocolo de Montreal e de Kyoto)
- coas institucións e organismos internacionais ós que pertence España como a ONU,FAO,FMI,OMC,OIT,OMS,UNESCO,OTAN...
- a súa colaboración con diversas ONG como Mans Unidas, Médicos sen Fronteiras, Greenpeace, Amnistía Internacional.... , así como axudando ao desenvolvemento
- a súa propia liña xeopolítica ,dirixida principalmente cara a Europa, ao Mediterráneo e a Iberoamérica. É **coa UE** con que España mantén relacións políticas máis estreitas. No **Mediterráneo** o obxectivo principal é asegurar a estabilidade na zona ameazada pola presión migratoria, polo integrismo islámico, o terrorismo...E son de especial interese as relacións con Marrocos no que concirne ás reivindicacións sobre Ceuta e Melilla e a crecente inmigración marroquí. No caso de **Iberoamérica**, na actualidade as relacións tratan de combinar a defensa dos intereses españois coa contribución á solución dos problemas que padece . As actuacións máis destacadas: colaborar ao fortalecemento da democracia e o impulso ao desenvolvemento económico e social, a mellora das condicións de traballo e de estancia dos inmigrantes iberoamericanos, reforzar o papel internacional de Iberoamérica así como políticas de cooperación da Xunta de Galicia. Outros ámbitos son EEUU, Canadá, Próximo Oriente, Asia-Pacífico e a África subsahariana

Para concluir, podemos mencionar dous indicadores sobre a posición dun país no mundo:

O IDH: Índice de Desenvolvemento Humano, que se calcula tendo en conta a media de tres indicadores, o PIB per cápita, a esperanza de vida e as taxas de alfabetización e matriculación

nas ensinanzas primaria, secundaria e superiores. Segundo él, España ocupa o posto 26º na actualidade.

O IGEI: Índice de Goberno da Economía Internacional que mide a capacidade de cada país para participar no goberno da economía mundial. Cada país recibe unha puntuación de 1 a 10(España tiña un índice global de 7,07) en calidade institucional(ocupa o posto 20º), en factores socioculturais(o 9º), en integración na economía mundial(16º) e en presenza política mundial(9º).